

## Relación número 1.2

Personal laboral que se traspasará

DNI	APELLIDOS E NOME	COD MAP	SOLDO	CP ANTIG.	TRIENOS	CPU	CSP-A2	CSP-A3	CSP-D5	NOCTURNA	TRABALLO POR QUENDAS A	TRABALLO POR QUENDAS C	CP HOMOXENEZ	BRUTO MENSUAL	COTA PATRONAL ANUAL	PLAN PENSIONES	Total ANUAL
32675259X	RODRIGUEZ RICO, SUSANA	4941044	1.243,39	0	78,66		80,7		39,35		152,06			1.594,16	7.446,72	104,76	29.325,50
32696824R	CORTES MIRANDA, ANA MARIA	4941045	1.243,39	0	0		80,7		39,35					1.363,44	6.446,04	-	25.294,10
32698225E	ALLEGUE CARNERO, ARACELI	4938376	1.597,25	0	0				41,39					1.638,64	8.034,60	115,60	31.008,38
32704662L	RODRIGUEZ GARCIA, LORENA	4951568	1.243,39	0	0		80,7		39,35					1.363,44	6.446,04	-	25.294,10
32840195J	LOPEZ QUINTANA, PALOMA	4951567	1.243,39	0	26,22		80,7		39,35					1.389,66	6.571,56	92,36	25.879,06
52960534K	PORRAS RAMOS, ANTONIO	4938411	1.935,62	0	0				47,76					1.983,38	9.463,68	-	37.135,48
76411540C	DIAZ EDREIRA, MARIA PATRICIA	4951565	1.243,39	0	0		80,7		39,35					1.363,44	6.446,04	-	25.294,10
33234072S	FUENTE GONZALEZ, CESAR JOSE DE LA	4931436	1.935,62		52,44				47,76					2.035,82	9.714,84	148,60	38.269,40
																	5.359.409,96

## RELACIÓN Nº 2

## Valoración do custo efectivo

## SECCIÓN 14. MINISTERIO DE DEFENSA

## Resumo por servizos, programas e capítulos

Euros 2008

## Capítulo I:

## Personal funcionario:

01.120.02.312AX	25.853,04
01.120.03.312AX	7.046,40
01.120.05.312AX	5.303,64
01.120.06.312AX	9.154,92
01.121.00.312AX	16.726,44
01.121.01.312AX	11.528,84
01.127.312AX	459,14
01.160.00.312AX	4.788,96
<b>Total personal funcionario</b>	<b>80.861,38</b>

## Personal laboral:

01.130.00.312AX	3.697.880,34
01.130.01.312AX	278.611,92
01.137.312AX	22.280,42
01.160.00.312AX	1.360.637,28
<b>Total personal laboral</b>	<b>5.359.409,96</b>
<b>Total custo efectivo</b>	<b>5.440.271,34</b>

**11101** REAL DECRETO 1082/2008, do 30 de xuño, sobre ampliación das funcións e servizos da Administración do Estado traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de conservación da natureza (Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia). («BOE» 158, do 1-7-2008.)

A Constitución española, no artigo 149.1.23.<sup>a</sup>, reserva para o Estado a competencia exclusiva en materia de lexislación básica sobre protección do ambiente, sen prexuízo das facultades das comunidades autónomas de establecer normas adicionais de protección; así como a lexislación básica sobre montes, aproveitamentos forestais e vías pecuarias.

Pola súa parte, o Estatuto de autonomía para Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1982, do 6 de abril, establece no seu artigo 27, números 10.º, 11.º, 15.º e 30.º, que a comunidade autónoma ten competencia exclusiva sobre montes, aproveitamentos forestais, vías pecuarias e pastos, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23.<sup>a</sup> da Constitución; o réxime xurídico dos montes veciñais en man común; a pesca nas rías e demais augas interiores, o marisqueo, a acuicultura, a caza, a pesca fluvial e lacustre; normas adicionais sobre protección do ambiente e da paisaxe nos termos do artigo 149.1.23.<sup>a</sup>

Mediante os reais decretos 167/1981, do 9 de xaneiro, 1234/1983, do 20 de abril, e 1535/1984, do 20 de xuño, foron traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia funcións e servizos da Administración do Estado en materia de conservación da natureza.

Pola súa parte, a Lei 5/2007, do 3 de abril, da Rede de Parques Nacionais, atribúelles ás comunidades autónomas a xestión e organización dos parques nacionais no territorio das cales se encontren situados.

Finalmente, a disposición transitoria cuarta do Estatuto de autonomía para Galicia e o Real decreto 581/1982,

do 26 de febreiro, determinan as normas e o procedemento a que deben axustarse os traspasos de funcións e servizos do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia.

De conformidade con todo o anterior, a Comisión Mixta de Transferencias Administración do Estado-Comunidade Autónoma de Galicia prevista na disposición transitoria cuarta do Estatuto de autonomía para Galicia adoptou, na súa reunión do día 23 de xuño de 2008, o oportuno acordo sobre ampliación das funcións e servizos da Administración do Estado traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza que eleva ao Goberno para a súa aprobación mediante real decreto.

Na súa virtude, en cumprimento do disposto na disposición transitoria cuarta do Estatuto de autonomía para Galicia, por proposta da ministra de Administracións Públicas e logo de deliberación de Consello de Ministros na súa reunión do día 27 de xuño de 2008,

#### DISPONGO:

##### Artigo 1.

Apróbase o acordo da Comisión Mixta de Transferencias Administración do Estado-Comunidade Autónoma de Galicia, adoptado polo Pleno na súa reunión do 23 de xuño de 2008, polo que se amplían as funcións e servizos da Administración do Estado traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza (Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas).

##### Artigo 2.

En consecuencia, quedan traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia as funcións e servizos, así como os bens, dereitos e obrigas, e medios persoais que figuran nas relacións adxuntas ao propio acordo da Comisión Mixta, nos termos e condicións que alí se especifican, así como os créditos orzamentarios determinados segundo o procedemento establecido no propio acordo.

##### Artigo 3.

O traspaso a que se refire este real decreto terá efectividade a partir do día sinalado no acordo da Comisión Mixta.

##### Artigo 4.

Os créditos orzamentarios que se determinan, de conformidade coa relación número 4 do anexo, serán dados de baixa nos correspondentes conceptos orzamentarios e transferidos polo Ministerio de Economía e Facenda aos conceptos habilitados na sección 32 dos orzamentos xerais do Estado, destinados a financiar o custo dos servizos asumidos polas comunidades autónomas, unha vez que se remitan ao departamento citado, por parte do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, os certificados de retención de crédito, para dar cumprimento ao disposto na normativa vixente sobre orzamentos xerais do Estado.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 30 de xuño de 2008.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Administracións Públicas,  
ELENA SALGADO MÉNDEZ

#### ANEXO

Dona Carmen Cuesta Gil e don Xoán Antón Pérez-Lema López, secretarios da Comisión Mixta de Transferencias prevista na disposición transitoria cuarta do Estatuto de autonomía para Galicia,

#### CERTIFICAN:

Que no Pleno da Comisión Mixta de Transferencias que tivo lugar o día 23 de xuño de 2008 se adoptou un acordo sobre ampliación das funcións e servizos da Administración do Estado traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza, nos termos que a continuación se expresan:

#### A) **Referencia a normas constitucionais, estatutarias e legais en que se ampara a ampliación.**

A Constitución española, no artigo 149.1.23.<sup>a</sup>, resérvalle ao Estado a competencia exclusiva en materia de lexislación básica sobre protección do ambiente, sen prexuízo das facultades das comunidades autónomas de establecer normas adicionais de protección; así como a lexislación básica sobre montes, aproveitamentos forestais e vías pecuarias.

Pola súa parte, o Estatuto de autonomía para Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1982, do 6 de abril, establece no seu artigo 27, números 10.º, 11.º, 15.º e 30.º, que a comunidade autónoma ten competencia exclusiva sobre montes, aproveitamentos forestais, vías pecuarias e pastos, sen prexuízo dos disposto no artigo 149.1.23.<sup>a</sup> da Constitución; o réxime xurídico dos montes veciñais en man común; a pesca nas rías e demais augas interiores, o marisqueo, a acuicultura, a caza, a pesca fluvial e lacustre; normas adicionais sobre protección do ambiente e da paisaxe nos termos do artigo 149.1.23.<sup>a</sup>

Mediante os reais decretos 167/1981, do 9 xaneiro, 1234/1983, do 20 de abril, e 1535/1984, do 20 de xuño, foron traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia funcións e servizos da Administración do Estado en materia de conservación da natureza.

Pola súa parte, a Lei 5/2007, do 3 de abril, da Rede de Parques Nacionais, atribúelles ás comunidades autónomas a xestión e organización dos parques nacionais no territorio das cales se encontren situados.

Finalmente, a disposición transitoria cuarta do Estatuto de autonomía para Galicia e o Real decreto 581/1982, do 26 de febreiro, regulan o funcionamento da Comisión Mixta de Transferencias, así como a forma e condicións a que deben axustarse os traspasos de funcións e servizos á Comunidade Autónoma de Galicia.

Sobre a base destas previsións normativas procede realizar a ampliación das funcións e servizos da Administración do Estado traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza.

#### B) **Funcións da Administración do Estado que asume a Comunidade Autónoma de Galicia e identificación dos servizos e funcións que se amplían.**

1. A Comunidade Autónoma de Galicia asume a administración e xestión ordinaria e habitual dos parques nacionais situados dentro do seu ámbito territorial.

2. Así mesmo, correspóndelle á Comunidade Autónoma de Galicia a aprobación e execución dos plans reitores de uso e xestión dos parques nacionais existentes no seu territorio, determinar a composición do padroado, o seu réxime interno de funcionamento e o nomeamento do seu presidente, no marco da lexislación básica do Estado.

**C) Funcións que se reservan á Administración do Estado.**

Correspóndelle á Administración do Estado:

1. Elaborar o Plan director da Rede de Parques Nacionais, o seu seguimento e avaliación e o desenvolvemento e financiamento do programa de actuacións comúns da rede.

2. Propoñer os instrumentos de cooperación para conseguir os obxectivos dos parques nacionais, cuxa declaración se efectuará mediante lei das Cortes Xerais, e da rede no seu conxunto; facilitar o intercambio de experiencias entre as persoas que traballan na rede e fomentar a implicación da sociedade na consecución dos seus obxectivos.

3. Promover a aplicación dos mecanismos necesarios para suprimir os usos declarados con carácter básico como incompatibles cos obxectivos da rede e promover o incremento e consolidación do seu patrimonio público.

4. Promover o coñecemento científico, contribuír a financiar as iniciativas de fomento de desenvolvemento sustentable e representar a España nas redes internacionais equivalentes.

**D) Bens, dereitos e obrigas que se traspasan.**

1. Traspásanse á Comunidade Autónoma de Galicia os bens, dereitos e obrigas que se detallan nas relacións adxuntas números 1.1 e 1.2.

2. A Comunidade Autónoma de Galicia subrógase na posición que ten a Administración do Estado nos contratos en curso de execución, que figuran na relación número 2.1, dos cales é titular o Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, asumindo a totalidade dos dereitos e das obrigas que non estivesen recoñecidas o 1 de xullo de 2008. Transitoriamente a Administración do Estado asumirá o recoñecemento das obrigas xeradas e os seus correspondentes pagamentos respecto da entrega de bens ou a prestación de servizos realizados con anterioridade ao 1 de xullo de 2008, pero que se acrediten con posterioridade a esta data en cumprimento das disposicións aplicables á expedición e remisión de facturas.

3. Os contratos en curso dos cales é titular o Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, e que figuran na relación número 2.2., continuarán sendo responsabilidade do devandito ministerio ata a súa execución, ao igual que o pagamento das débedas xeradas por aquelas e a súa liquidación final.

Unha vez rematadas tales obras, incorporaranse ao patrimonio da comunidade autónoma traspasado por este acordo, sen máis requisitos que a realización do acto en que se formalice a entrega e recepción das obras mediante a correspondente entrega da documentación e levantamento da acta en que figuren os extremos das obras que se entregan, trámite que será suficiente para a inscrición a favor da comunidade autónoma da propiedade de tales obras nos rexistros pertinentes.

O contido deste parágrafo será de aplicación para as demais obras e os servizos, subministracións e traballos técnicos, relacionados con aquelas, que se contraten con anterioridade á data de efectividade dos traspasos.

4. No suposto de que fose necesario introducir correccións ou rectificacións nas relacións recollidas nos números 1, 2 e 3 anteriores, levaranse a cabo, logo de constatación por ambas as dúas administracións, mediante certificación expedida pola Secretaría de Comisión Mixta de Transferencias.

**E) Persoal adscrito aos servizos que se traspasan.**

1. Nas relacións adxuntas número 3.1 e 3.2 cítase nominalmente o persoal e postos de traballo vacantes, adscritos aos servizos traspasados, que pasarán a depender da Comunidade Autónoma de Galicia, nos termos legalmente previstos polo Estatuto de autonomía e as demais normas que en cada caso resulten aplicables e nas condicións que figuran nos seus expedientes de persoal.

2. O organismo autónomo Parques Nacionais ou o órgano competente en materia de persoal do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, notificaralles aos interesados o traspaso. Así mesmo, remitiráselles aos órganos competentes da Comunidade Autónoma de Galicia unha copia certificada de todos os expedientes do persoal traspasado, así como certificados de haberes referidos ás cantidades percibidas durante 2008.

3. No suposto de que fose necesario introducir correccións ou rectificacións nas referidas relacións de persoal, levaranse a cabo, logo de constatación por ambas as dúas administracións, mediante certificación expedida pola Secretaría da Comisión Mixta de Transferencias.

**F) Valoración das cargas financeiras dos servizos traspasados.**

1. A valoración provisional no ano base 1999, que corresponde ao custo efectivo anual dos medios que se traspasan á Comunidade Autónoma de Galicia, elévase a 2.261.643,98 euros. A devandita valoración será obxecto de revisión nos termos establecidos no artigo 16.1.º da Lei 21/2001, do 27 de decembro, pola que se regulan as medidas fiscais e administrativas do novo sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía.

2. O financiamento en euros de 2008, que corresponde ao custo efectivo anual, é o que se recolle na relación número 4.

3. Transitoriamente, mentres non se produza a revisión do Fondo de Suficiencia como consecuencia da incorporación a este do custo efectivo deste traspaso, este custo financiarase mediante a consolidación na sección 32 dos orzamentos xerais do Estado, dos créditos relativos ás distintas compoñentes do devandito custo, polos importes que se determinen, susceptibles de actualización polos mecanismos xerais previstos en cada lei de orzamentos xerais do Estado.

**G) Documentación e expedientes dos servizos que se traspasan.**

A entrega da documentación e expedientes relativos aos servizos que se traspasan, efectuarase no prazo de tres meses a partir da data de efectividade deste acordo, mediante as correspondentes actas de entrega e recepción.

**H) Data de efectividade do traspaso.**

O traspaso de funcións e servizos obxecto deste acordo terá efectividade a partir do día 1 de xullo de 2008.

E para que conste, expedimos esta certificación en Madrid o 23 de xuño de 2008.—Os secretarios da Comisión Mixta, Carmen Cuesta Gil e Xoán Antón Pérez-Lema López.

**PREDIOS E INMOBLES ADSCRITOS AO PARQUE NACIONAL MARÍTIMO-TERRESTRE DAS ILLAS ATLÁNTICAS DE GALICIA QUE SE TRASPASAN Á XUNTA DE GALICIA**

**RELACIÓN 1.1**

Nº	Provincia	Denominación	Natureza	Municipio	Superficie (m <sup>2</sup> )	Nº de predio	Tomo	Libro	Folio	Alta	Registro	Observacións
1	PONTEVEDRA	PARCELA PREDIO "A FONTE"	SOAR EDIFICADO	VIGO (ILLA DE FARO)	465,85							Inscripción rexistral en tramitación
		INMOBLE PREDIO "A FONTE"	EDIFICACIÓN		64,00							

**ELEMENTOS DE TRANSPORTE (TERRESTRE E MARÍTIMO) ADSCRITOS AO PARQUE NACIONAL MARÍTIMO-TERRESTRE DAS ILLAS ATLÁNTICAS DE GALICIA QUE SE TRASPASAN Á XUNTA DE GALICIA**

**RELACIÓN 1.2**

Nº	Parque Nacional	Clase	Marca	Modelo	Matrícula	Alta
1	P.N. Illas Atlánticas de Galicia	TODO TERREO	NISSAN	PATROL GR 2P	MMA-02225	22/10/2004
2	P.N. Illas Atlánticas de Galicia	TODO TERREO	NISSAN	NAVARA	MMA-02705	01/09/2006
<b>TOTAL TODO TERREO</b>						<b>2</b>

Nº	Parque Nacional	Clase	Marca	Modelo	Matrícula	Alta
3	P.N. Illas Atlánticas de Galicia	TODO TERREO	NISSAN	PICK UP 2.5T 4P	MMA-02047	30/10/2003
4	P.N. Illas Atlánticas de Galicia	TODO TERREO	NISSAN	PICK UP 2.5T 4P	MMA-02048	30/10/2003
<b>TOTAL TODO TERREO PICK-UP</b>						<b>2</b>

Nº	Parque Nacional	Clase	Marca	Modelo	Matrícula	Alta
5	P.N. Illas Atlánticas de Galicia	TURISMO	NISSAN	ALMERA	MMA-02229	22/10/2004
6	P.N. Illas Atlánticas de Galicia	TURISMO	NISSAN	TOURAN 1.9 TDI	MMA-02655	11/04/2006
<b>TOTAL TURISMO</b>						<b>2</b>

Nº	Parque Nacional	Clase	Marca	Modelo	Matrícula	Alta
7	P.N. Illas Atlánticas de Galicia	MOTOCICLETA	KAWASAKI	PRAIRIE 400 4X4	MMA-01828	15/04/2003
<b>TOTAL MOTOCICLETA</b>						<b>1</b>

Nº	Parque Nacional	Clase	Marca	Modelo	Matrícula	Alta
8	P.N. Illas Atlánticas de Galicia	TRACTOCARRO AGR	GOLDONI	TRANSCAR 33 RS	MMA-01822	14/03/2003
<b>TOTAL TRACTOCARRO</b>						<b>1</b>

Nº	Parque Nacional	Clase	Marca	Modelo	Matrícula	Alta
9	P.N. Illas Atlánticas de Galicia	REMOLQUE	BLANCO	RBF 3	MMA-01842-R	13/05/2003
10	P.N. Illas Atlánticas de Galicia	REMOLQUE	BLANCO	RBF 1	MMA-01843-R	13/05/2003
<b>TOTAL REMOLQUE</b>						<b>2</b>

Nº	Parque Nacional	Clase	Marca	Modelo	Matrícula	Alta
11	P.N. Illas Atlánticas de Galicia	TRACTOR AGRÍCOLA	JOHN DEERE	MILENIO 50 R	MMA-01821	14/03/2003
12	P.N. Illas Atlánticas de Galicia	TRACTOR AGRÍCOLA	JOHN DEERE	MILENIO 50 R	MMA-01820	14/03/2003
13	P.N. Illas Atlánticas de Galicia	TRACTOR AGRÍCOLA	JOHN DEERE	MILENIO 70 R	MMA-01819	14/03/2003
<b>TOTAL TRACTOR AGRÍCOLA</b>						<b>3</b>

Nº	Parque Nacional	Clase	Marca	Modelo	Matrícula	Alta
14	P.N. Illas Atlánticas de Galicia	CISTERNA	MOGA	M.35	MMA-02416	17/05/2005
15	P.N. Illas Atlánticas de Galicia	CISTERNA	MOGA	M.35	MMA-02415	17/05/2005
<b>TOTAL CISTERNA</b>						<b>2</b>

Nº	Parque Nacional	Clase	Marca	Modelo	Matrícula (folio)	Alta
16	P.N. Illas Atlánticas de Galicia	EMBARCACIÓN	RODMAN	RODEAN 1120	8ª - VI - 5 - 5 - 02	21/08/2003
17	P.N. Illas Atlánticas de Galicia	EMBARCACIÓN	VALIANT	PATROL 750	8ª - VI - 5 - 10 - 05	28/12/2005
18	P.N. Illas Atlánticas de Galicia	EMBARCACIÓN	VALIANT	PATROL 750	8ª - VI - 5 - 9 - 05	28/12/2005
19	P.N. Illas Atlánticas de Galicia	EMBARCACIÓN	BLASCO	MOD. 50	8ª - VI - 5 - 3 - 07	Outubro/2007
<b>TOTAL EMBARCACIÓN</b>						<b>4</b>

**EXPEDIENTES EN CURSO DE EXECUCIÓN NO PARQUE NACIONAL MARÍTIMO-TERRESTRE  
DAS ILLAS ATLÁNTICAS DE GALICIA ONDE A COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA SE  
SUBROGA NA POSICIÓN DA ADMINISTRACIÓN XERAL DO ESTADO**

**RELACIÓN 2.1**

NÚMERO DE EXPEDIENTE	CARÁCTER	DENOMINACIÓN	FORMA DE EXECUCIÓN
01080005	Centralizado plurianual	Servizo de apoio á vixilancia e ao uso público (período 2008/2012)	Encomenda a Grupo Tragsa
14070002	Ordinario plurinual	Traballos de conservación dos valores naturais	Encomenda a Grupo Tragsa

**EXPEDIENTES EN CURSO DE FINALIZACIÓN OU FINALIZÁNDOSE NO PARQUE NACIONAL MARÍTIMO-TERRESTRE DAS ILLAS ATLÁNTICAS DE GALICIA  
DOS QUE A ADMINISTRACIÓN XERAL DO ESTADO (OAPN) SE RESPONSABILIZA DO SEU PAGAMENTO**

**RELACIÓN 2.2**

NÚMERO DE EXPEDIENTE	CARÁCTER	DENOMINACIÓN	FORMA DE EXECUCIÓN
14040006	Ordinario anual	Acondicionamento, conservación e limpeza das zonas e instalacións de uso público nos arquipélagos de Cíes e Ons	Encomenda Grupo Tragsa
14080002	Ordinario anual	Acondicionamento, conservación e limpeza das zonas e instalacións de uso público do P.N.M-T das Illas Atlánticas de Galicia.	Encomenda Grupo Tragsa
14080012	Ordinario anual	Servizo de limpeza de restos de vexetais na illa de Sálvora	Contrato menor
14080008	Ordinario anual	Servizo de recollida de transporte marítimo e entrega de residuos sólidos desde Sálvora a xestor autorizado	Contrato menor
14080009	Ordinario anual	Servizo de transporte de escolares en barco á illa de Sálvora no marco do programa de educación ambiental	Contrato menor
14080013	Ordinario anual	Servizo de transporte de escolares en barco á illa de Ons no marco do programa de educación ambiental	Contrato menor
14080016	Ordinario anual	Servizo de transporte en barco de diversos materiais necesarios para a xestión das Illas Atlánticas de Galicia	Contrato menor
14080003	Ordinario anual	Introdución de datos de solicitudes e autorizacións de navegación e fondeo de embarcacións e seguimento do programa informático de xestión de permisos de fondeo no P.N.M.-T. Illas Atlánticas.	Contrato menor
14080005	Ordinario anual	Elaboración de programa informático de xestión dos permisos de mergullo	Contrato menor
14080007	Ordinario anual	Asistencia tca. para o levantamento topográfico das edificacións das illas Cíes e predios anexos	Contrato menor
14080010	Ordinario anual	Tradución do castelán para cinco idiomas de documento de información	Contrato menor
14080015	Ordinario anual	Elaboración de plan de autoprotección	Contrato menor
14080016	Ordinario anual	Seguimento e situación actual da poboación de anfibios	Contrato menor
14080017	Ordinario anual	Elaboración dun manual de boas prácticas para a mellora da accesibilidade no P.N	Contrato menor
38040048	Centralizado anual	Subministración de vestiario para o persoal de parques	Concurso público
38070014	Centralizado anual	Subministración de calzado, complementos e roupa de montaña para o persoal de parques	Concurso público
38040014	Centralizado (Anualidade 2008)	Servizo de apoio á vixilancia e ao uso público (período 2004/2008)	Encomenda Grupo Tragsa
01080046	Centralizado	Apoio técnico para a execución, seguimento e avaliación do plan de acción de voluntariado.	Encomenda Grupo Tragsa
14060006	Ordinario anual	Redacción dun proxecto de restauración vexetal	BIBO exercicio anterior
14070012	Ordinario anual	Subministración de carteis interpretativos para o parque	BIBO exercicio anterior
14060019	Ordinario anual	Mellora de itinerarios de uso público nas Illas Cíes.	Encomenda Grupo Tragsa
14080011	Ordinario anual	Subministración reparación de tramos de cercas e varandas na illa de Ons	Contrato menor
14080014	Ordinario anual	Subministración dunha caseta de madeira para a illa de Cortegada	Contrato menor
14050012	Ordinario anual	Subministración con fabricación dunha embarcación para o servizo do parque.	BIBO exercicio anterior
14080006	Ordinario anual	Actualización datos SIX e posta en funcionamento	Contrato menor
14080022	Ordinario anual	Adquisición dun vehículo para o Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia	Material homologado
01070049	Centralizado (Anualidade 2008)	Servizo de prevención e extinción de incendios forestais	Encomenda Grupo Tragsa
38070004	Centralizado anual	Subministración de ferramentas contra incendios forestais	Concurso público

## RELACIÓN NÚMERO 3.1

## 1. PERSOAL FUNCIONARIO DO PARQUE NACIONAL MARÍTIMO-TERRESTRE DAS ILLAS ATLÁNTICAS DE GALICIA QUE SE TRANSFIRE Á XUNTA DE GALICIA

NRCP	PROVINCIA	APELIDOS E NOME	GRUPO	POSTO DE TRABAJO	NIVEL	SOLDO	DESTINO	ANTIGÜIDADE	ESPECÍFICO	% Seg. Social	SEG. SOCIAL	TOTAL sen SS	TOTAL con SS
3275984013A2068	Pontevedra	JOSÉ ANTONIO FERNÁNDEZ BOUZAS	A1	DIRECTOR CONS.	26	15.891,54	10.057,18	1.832,46	10.166,14	26,65	9.581,53	37.947,32	47.528,85
3607044352A2068	Pontevedra	MONTERRAT ISA. MARTINEZ MORAN	A1	DTOR.ADXUNTO	24	15.891,54	8.396,64	1.483,42	5.639,20	25,40	7.978,34	31.410,80	39.389,14
	Pontevedra	Vacante	A1	TÉC. SUPERIOR	24	15.891,54	8.396,64		7.190,54	26,65	8.389,08	31.478,72	39.867,80
1312210757A0101	Pontevedra	ANA ELENA GORDILLO ALONSO	A1	TC.SUPERIOR N24	24	15.891,54	8.396,64	916,23	7.190,54			32.394,95	32.394,95
5139191846A5913	Pontevedra	GARCÍA RODRÍGUEZ, Mª. CRISTINA	A2	TÉCNICO	20	13.487,18	6.333,60	1.099,70	5.104,80	25,40	6.610,42	26.025,28	32.635,70
3527996613A205Q	Pontevedra	RAMON NOGUEIRA COYA	C2	GARDA MAIOR	18	8.220,80	5.686,52	2.014,80	4.130,00			20.052,12	20.052,12
7640970624A1135	Pontevedra	MARIA TERESA BOUZA CREGO	C1	XEFE ADMÓN.	18	10.053,96	5.686,52	1.471,32	3.476,68			20.688,48	20.688,48
193378724A5000	Pontevedra	EMILIO MACHIO RUEDA	C1	AX. AMB. PP.NN.	16	10.053,96	5.040,28	367,08	6.413,34	28,45	6.223,34	21.874,66	28.098,00
3503881502A1431	Pontevedra	ESCOLA NOGUES, AGUSTÍN	C1	AX. AMB. PP.NN.	16	10.053,96	5.040,28	2.265,90	6.413,34			23.773,48	23.773,48
8699786535A1146	Pontevedra	JUAN CARLOS FERNANDEZ BAS	C2	HABILITADO	16	8.220,80	5.040,28	490,56	4.130,00			17.881,64	17.881,64
3608536257A2054	Pontevedra	RICARDO ALVAREZ VILLAR	C2	XF. ZONA GARD.	14	8.220,80	4.393,34	1.471,68	3.476,68	28,45	4.996,53	17.562,50	22.559,03
3607808624A1146	Pontevedra	JOSE MANUEL LOPEZ RAMOS	C2	AX.FORESTAL N14	14	8.220,80	4.393,34	1.226,40	3.167,20			17.007,74	17.007,74
1425255157A1146	Pontevedra	MANUEL CHAMBORRO DAPIA	C2	AX.FORESTAL N14	14	8.220,80	4.393,34	1.243,92	3.167,20			17.025,26	17.025,26
3607721124A1146	Pontevedra	M. LUISA LORENZO GÓMEZ	C2	AUX.OFICINA N14	14	8.220,80	4.393,34	1.348,20	2.682,00			16.644,34	16.644,34
3499922635A1146	Pontevedra	MONICA VILLAN DIEGUEZ	C2	AUX.OFICINA N14	14	8.220,80	4.393,34	0,00	2.682,00			15.296,14	15.296,14
3497419802A1146	Pontevedra	ELENA PRADA RODRIGUEZ	C2	AUX.OFICINA N14	14	8.220,80	4.393,34	490,56	2.682,00			15.786,70	15.786,70
	Pontevedra	Vacante	C1	AX. AM. XEFE	18	10.053,96	5.686,52		7.219,08	28,45	6.531,99	22.959,56	29.491,55
	Pontevedra	Vacante	C2	AX.FORESTAL N14	14	8.220,80	4.393,34		3.167,20	28,45	4.489,79	15.781,34	20.271,13

HORARIOS ESPECIAIS 12.012,00

PRODUTIVIDADE 20.130,00

ACCIÓN SOCIAL 3.831,35

PLAN DE PENSÍONS 1.435,38

## RELACIÓN NÚMERO 3.2

## 2. PERSOAL LABORAL DO PARQUE NACIONAL MARÍTIMO-TERRESTRE DAS ILLAS ATLÁNTICAS DE GALICIA QUE SE TRASFIRE Á XUNTA DE GALICIA

APELIDOS E NOME	DNI	LOCALIZACIÓN	PROVINCIA	CATEGORÍA	GRUPO	TOTAL BÁSICAS	TOTAL COMPLEM.	TOTAL ANUAL	% SEGURIDADE SOCIAL	IMPORTE SEGURIDADE SOCIAL	TOTAL	SITUACIÓN ADMINISTRATIVA
CARRERA RODRIGUEZ, FERNANDO	3604879824	P.N. ILLAS ATLÁNTICAS	PONTEVEDRA	TÉC.SUP.ACT.TEC.E PROFESIONA.	3	18.508,70	3.996,48	22.505,18	32,30	7.269,17	29.774,35	INTERINO
FRAMIL BARREIRO, JESUS	5249457468	P.N. ILLAS ATLÁNTICAS	PONTEVEDRA	TÉC.SUP.ACT.TEC.E PROFESIONA.	3	17.774,54	848,40	18.622,94	32,30	6.015,21	24.638,15	INTERINO
GAMALLO LISTE, BEATRIZ SOFIA	3611388902	P.N. ILLAS ATLÁNTICAS	PONTEVEDRA	TÉC.SUP.ACT.TEC.E PROFESIONA.	3	17.774,54	848,40	18.622,94	32,30	6.015,21	24.638,15	INTERINO
LOIS SILVA, MARTA MARIA	7686104413	P.N. ILLAS ATLÁNTICAS	PONTEVEDRA	TÉC.SUP.ACT.TEC.E PROFESIONA.	3	17.774,54	848,40	18.622,94	32,30	6.015,21	24.638,15	INTERINO
LOPEZ CORREDOIRA, CARLOS ALBERTO	5249051135	P.N. ILLAS ATLÁNTICAS	PONTEVEDRA	TÉC.SUP.ACT.TEC.E PROFESIONA.	3	17.774,54	3.815,76	21.590,30	32,30	6.973,67	28.563,97	INTERINO
LOPEZ TORRES, FRANCISCO	5249055446	P.N. ILLAS ATLÁNTICAS	PONTEVEDRA	TÉC.SUP.ACT.TEC.E PROFESIONA.	3	17.774,54	2.142,96	19.917,50	32,30	6.433,35	26.350,85	INTERINO
MATOS VICENTE, ANTONIO	36026447	P.N. ILLAS ATLÁNTICAS	PONTEVEDRA	TÉC.SUP.ACT.TEC.E PROFESIONA.	3	17.774,54	2.323,68	20.098,22	32,30	6.491,73	26.589,95	INTERINO
SANZ OCHOA, KATIA	8948526	P.N. ILLAS ATLÁNTICAS	PONTEVEDRA	TÉC.SUP.ACT.TEC.E PROFESIONA.	3	17.774,54	848,40	18.622,94	32,30	6.015,21	24.638,15	INTERINO
TOUBES PORTO, MONICA	3611056624	P.N. ILLAS ATLÁNTICAS	PONTEVEDRA	TÉC.SUP.ACT.TEC.E PROFESIONA.	3	17.774,54	848,40	18.622,94	32,30	6.015,21	24.638,15	INTERINO
VACANTE		P.N. ILLAS ATLÁNTICAS	PONTEVEDRA	TÉC.SUP.ACT.TEC.E PROFESIONA.	3	17.407,46	-	17.407,46	32,30	5.622,61	23.030,07	VACANTE
VILAS PAZ, ANA	36133887	P.N. ILLAS ATLÁNTICAS	PONTEVEDRA	TÉC.SUP.ACT.TEC.E PROFESIONA.	3	17.774,54	848,40	18.622,94	32,30	6.015,21	24.638,15	INTERINO
FREIRE LOPEZ, SONIA	7699512435	P.N. ILLAS ATLÁNTICAS	PONTEVEDRA	OFICIAL XESTIÓN E S. COMÚNS	4	14.857,22	-	14.857,22	31,15	4.628,02	19.485,24	INTERINO
PEREZ GONZALEZ, JOSE ANGEL	3525901513	P.N. ILLAS ATLÁNTICAS	PONTEVEDRA	OFICIAL ACT.TEC. E PROFESIONA.	4	14.857,22	-	14.857,22	32,30	4.798,88	19.656,10	INTERINO
PORTELA CABRAL RAFAEL	5249243413	P.N. ILLAS ATLÁNTICAS	PONTEVEDRA	OFICIAL XESTIÓN E S. COMÚNS	4	14.857,22	1.744,80	16.602,02	34,10	5.661,29	22.263,31	INTERINO
RIOBO BLANCO DIEGO	73241421	P.N. ILLAS ATLÁNTICAS	PONTEVEDRA	OFICIAL ACT.TEC. E PROFESIONA.	4	14.857,22	-	14.857,22	32,30	4.798,88	19.656,10	INTERINO

P. PENSÍONS 1.242,64

AXUDA SOCIAL 3.380,37

## RELACIÓN Nº 4

**Custo efectivo do traspaso***Xestión do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia*

Custo efectivo do traspaso	Euros
<b>Gastos:</b>	
Gastos de persoal .....	877.149,16
Gastos en bens correntes e servizos ....	1.535.510,28
Investimentos .....	1.437.446,08
Custos indirectos .....	136.555,80
<b>Total gastos .....</b>	<b>3.986.661,32</b>
<b>Ingresos:</b>	
Taxas e prezos públicos .....	61,47
<b>Total ingresos .....</b>	<b>61,47</b>
<b>Custo efectivo .....</b>	<b>3.986.599,85</b>

**Repercusión nos orzamentos xerais do Estado**

Traspaso á C.A. de Galicia	Euros
<b>Orzamento de gastos:</b>	
Secretaría Xeral para o Territorio e a Biodiversidade:	
Capítulo IV. Transferencias correntes ....	2.412.597,97
Capítulo VII. Transferencias de capital ...	1.574.001,88
<b>Total .....</b>	<b>3.986.599,85</b>
<b>Parques nacionais</b>	
Capítulo I. Gastos de persoal .....	877.149,16
Capítulo II. Gastos en bens correntes e servizos .....	1.535.510,28
Capítulo VI. Investimentos reais .....	1.574.001,88
<b>Total .....</b>	<b>3.986.661,32</b>
<b>Orzamento de ingresos:</b>	
<b>Parques nacionais:</b>	
Capítulo III. Taxas, prezos públicos e outros ingresos .....	61,47
<b>Total ingresos .....</b>	<b>61,47</b>

## MINISTERIO DE CIENCIA E INNOVACIÓN

**11108** REAL DECRETO 989/2008, do 13 de xuño, polo que se regula a contratación excepcional de profesores colaboradores. («BOE» 158, do 1-7-2008.)

A Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, modificada pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, establece no seu artigo 48 que as modalidades de contratación laboral específica do ámbito universitario son as que se corresponden coas figuras de axudante, profesor axudante doutor, profesor contratado doutor, profesor asociado e profesor visitante.

No entanto, e mentres non se consolide a nova ordenación das ensinanza universitarias prevista no Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, diversos centros universitarios poderían encontrar dificultades para cubrir,

coas citadas modalidades de contratación laboral, determinadas necesidades docentes especiais.

Para tal fin, este real decreto vén dar cumprimento ao mandado contido na disposición transitoria segunda da Lei orgánica 4/2007, que prevé que o Goberno, logo de informe do Consello de Universidades, establecerá regulamentariamente as condicións e os prazos en que, de forma excepcional, as universidades poderán contratar profesoras ou profesores colaboradores entre diplomados, arquitectos técnicos ou enxeñeiros técnicos que, en todo caso, deberán contar con informe favorable da Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e a Acreditación ou do órgano de avaliación externa que a lei da Comunidade Autónoma determine.

Nesta norma estableceuse como prazo límite para convocar concursos para as citadas contratacións o 3 de maio de 2013, data en que se cumpriran seis anos desde a entrada en vigor da citada Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, tempo suficiente para que se completase xa a implantación xeneralizada das novas ensinanza.

O dito prazo persegue, ademais, ser compatible coas previsións contidas no Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, antes citado, en virtude das cales no curso académico 2010-2011 xa non se poderán ofertar prazas de novo ingreso para o acceso ás actuais titulacións. Deste modo o curso 2009-2010 será o último en que os estudantes poidan acceder ás ensinanza conducentes á obtención de títulos de diplomado, arquitecto técnico ou enxeñeiro técnico, polo que na finalización do curso académico 2011-2012 tales estudantes estarán, con carácter xeral, en condicións de obter os citados títulos.

Por outro lado, como queira que no momento de entrada en vigor da nova lei había profesoras e profesores colaboradores contratados de acordo coas modalidades contractuais entón previstas, e tendo en conta que a nova redacción dada pola citada Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, suprimiu como modalidade de contratación laboral a dita figura, a disposición adicional terceira da dita Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, establece que os que no momento de entrada en vigor desta lei estean contratados como profesoras e profesores colaboradores de acordo coa Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, poderán continuar no desempeño das súas funcións docentes e investigadoras.

Finalmente, este real decreto prevé na súa disposición adicional primeira a posibilidade de que a contratación de profesoras e profesores colaboradores a que se refire este real decreto se poida estender a aqueles diplomados, arquitectos técnicos ou enxeñeiros técnicos que, con carácter previo á entrada en vigor da Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, pola que se modifica a Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, contén con informe favorable, como profesora ou profesor colaborador, da Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación ou do órgano de avaliación externa que a lei da Comunidade Autónoma determine.

Sobre este real decreto emitiron informe a Comisión Superior de Persoal, o Consello de Universidades e a Conferencia Xeral de Política Universitaria.

Optouse por que este real decreto estableza con carácter básico as condicións e os prazos en que, excepcionalmente, as universidades poderán contratar profesores colaboradores, por considerar que esta regulación resulta un complemento imprescindible das previsións contidas na disposición transitoria segunda da Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, pola que se modifica a Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, polo que constitúe un dos supostos en que resulta admisible a extensión do carácter básico ao ámbito regulamentario de acordo coa xurisprudencia constitucional.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Ciencia e Innovación, coa aprobación previa da ministra de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e